

# A Feira do Libro de Vigo tivo vendas de 200.000 euros

MIRIAM CANCELA

A 37ª edición da Feira do Libro pecha cun “30% máis de afluencia en comparación co ano pasado”. Este aumento sitúa as ganancias, segundo apuntou o presidente da Federación de Libreiros Galegos, Xurxo Patiño, “entre os 175.000 e os 200.000 euros”. A pesar de que as librarías están a sufrir o peor momento da crise a situación non se trasladou á feira. Para Patiño, isto pode deberse a que “a xente non deixa de ler e aproveita as oportunidades de desconto” que se dan neste tipo de eventos.

Ao contrario do que sucedera en edicións anteriores, “non houbo ningún título que arrasara”. As cifras ao peche da feira situaban á novela narrativa de ficción como o xénero máis vendido, con obras como *El jardín olvidado* de Kate Morton, *Si tú me dices ven lo dejo todo* de Albert Espinosa ou *La isla bajo el mar* de Isabel Allende.

No tocante á literatura galega, aínda que foi menor en vendas, neste tipo de citas aumenta con respecto ás librarías en torno a un 10% o número de exemplares vendidos. O que se traduce en que tres de cada dez libros que se mercan son en galego. Os títulos máis vendidos foron *Non hai noite tan longa*, de Agustín Fernández Paz; *In vino veritas*, de Francisco Castro—ambas as dúas presentadas na feira—, e *Todo é silencio*, de [Manuel Rivas](#).

Os nenos e mozos, que encheron os obradoiros artesanais e de contacontos, decantáronse por títulos como *El diario de Greg*, *Gerónimo Stilton* ou as obras galegas, *Os megatoxos* e *Os bolechas*.

A crise marcou a feira con respecto aos contidos. O ensaio de compromiso social como *Indignádevos*—na súa edición en galego—, ou *Reacciona* de José Luis Sampedro acadaron grande éxito.



Imaxe da feira do libro / MARCOS CANOSA

publicidad